

Ma. del Pilar Campos Domínguez  
c/ Dr. Gasalle, 30-1º D  
LV60  
Telef. 21-24-61

Maraval = 6  

---

J.S. - 5  
germano - 6  
Loly - 6  

---

22

1977  

---

Mención

CECAIS, GALICIA

Cecais na derradeira sorte das pombas.

Cecais na derradeira sorte das pombas.

Cecais cando os carballos

fican por sempre verdes

na fondura terrosa

do berro da madeira.

Cecais na longa noite

dos cegos que camiñan

xa sin cantar romances.

Cecais na dura pedra.

Cecais no brinco tolo.

Cecais na néboa tépeda.

Cecais na iauga crara

das fontes que emergullan

a carón dos colores,

por baixo das estrelas.

Cecais na door rouca,

sombreada de estranxeiras

estremonias soias.

Cecais na vida mesma

que xurde endesde a morte.

Cecais estremelada,

cecais Galicia espreita.

un abismo de historia.

Por cecais por iso XXXXX

Porque Galicia é espreita.

Galicia espreita ó lonxe

-quén saberá qué espreita.

Cecais mil soños tolos

-xermolos das lendas

e dos contos de abós-

que, burlón e trouleiro,

o vento trae e leva.

Cecais verdades grandes

coma as mágoas e ausencias

que ferirona sempre.

XXXX "Las das bestas"

Cecais louca, aluada,  
olla sin ver máis mundo  
que aquél da sua demencia.  
Cecais soio é a noite  
nos ollos dunha terra  
ateigados de vida,  
colores e charetas.  
Cecais olla e non ve,  
cecais Galicia é cega.

. . . XXXXX

Cecais Galicia é cega.  
Cecais ás suas meniñas  
non lles chega a beleza  
do verde do seu traxe,  
da escuma dos seus mares,  
das frores dos carqueixos,  
da vida que latexa.  
Cecais non ve as fontes  
que emergullan das pedras,  
nin os arbres frondosos,  
nin as úbedas veigas.  
Cecais somentes olla  
un abismo de brétema.  
Pro cecais por iso,  
porque Galicia é cega,  
está a ver pra drento  
e velles alma ás cousas,  
por iso disque é meiga.  
Meiga que non atopa  
a palabra segreda  
que ha de alonxar os males  
que lle aniñan nas veas.  
Se algún día, Galicia,  
alguén cha adeprendera.

LEMA: "Xan das xestas"